



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 1

Sesión Plenaria
21 de outubro de 2016

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único.

Sesión constitutiva do Parlamento de Galicia

Constitución da Mesa de Idade

Elección da Mesa do Parlamento

Constitución da Mesa do Parlamento

Promesa ou xuramento de acatar a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galicia

SUMARIO

Constitución da Mesa de Idade

O señor letrado oficial maior comunícalle á Cámara quen son, respectivamente, as deputadas ou deputados electos de maior e menor idade para a constitución da Mesa de Idade. A don Carlos Enrique López Crespo, como deputado de maior idade, correspóndelle presidir esta Mesa, que será asistido por dona Olalla Rodil Fernández e dona Paula Quinteiro Araújo, as de menor idade. (Páx. 5.)

O letrado oficial maior rógalles que ocupen os seus postos nos escanos correspondentes á Mesa do Parlamento. (Páx. 5.)

Ábrese a sesión ás once e tres minutos da mañá.

O señor presidente da Mesa de Idade (López Crespo) declara aberta a sesión e rógalle á señora secretaria (Quinteiro Araújo) que dea lectura ao decreto de disolución do Parlamento e de convocatoria de eleccións, ao acordo da Xunta Electoral polo que se fan públicos os resultados electorais por circunscricións, á relación de deputadas e deputados electos, así como aos recursos contencioso-electorais interpostos, no caso de que os houber. (Páx. 5.)

A señora secretaria da Mesa de Idade (Quinteiro Araújo) le o Decreto 92/2016, do 1 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións, o número de deputadas e deputados correspondente a cada circunscrición e mais a relación de deputadas e deputados electos. (Páx. 5.)

Elección da Mesa do Parlamento

O señor presidente da Mesa de Idade (López Crespo) anuncia a votación separada para elixir os membros da Mesa e explica o procedemento que se vai seguir para a elección. (Páx. 8.)

Elección de presidenta ou presidente

O señor presidente da Mesa de Idade (López Crespo) rógalle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 8.)

A señora secretaria da Mesa de Idade (Quinteiro Araújo) procede a efectuar o chamamento. (Páx. 8.)

Votación: don Miguel Ángel Santalices Vieira, 41 votos; en branco, 34 votos. (Páx. 9.)

En consecuencia, queda proclamado presidente, cos votos requiridos da maioría absoluta, don Miguel Ángel Santalices Vieira. (Páx. 9.)

Elección de vicepresidentas ou vicepresidentes

O señor presidente da Mesa de Idade rógalle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 9.)

A señora secretaria da Mesa de Idade (Quinteiro Araújo) procede a efectuar o chamamento. (Páx. 9.)

Votación: don Diego Calvo Pouso, 41 votos; dona Eva Solla Fernández, 28 votos; en branco, 6 votos. (Páx. 9.)

En consecuencia, queda proclamado vicepresidente primeiro don Diego Calvo Pouso e vicepresidenta segunda, dona Eva Solla Fernández. (Páx. 9.)

Elección de secretaria ou secretario e de vicesecretaria ou vicesecretario

O señor presidente da Mesa de Idade rógalle á señora secretaria que proceda a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados para que depositen o seu voto na urna. (Páx. 9.)

A señora secretaria da Mesa de Idade (Quinteiro Araújo) procede a efectuar o chamamento. (Páx. 10.)

Votación: dona Raquel Arias Rodríguez, 41 votos; dona Concepción Burgo López, 28 votos; en branco, 6 votos. (Páx. 10.)

En consecuencia, queda proclamada secretaria dona Raquel Arias Rodríguez e vicesecretaria, dona Concepción Burgo López. (Páx. 10.)

O señor presidente da Mesa de Idade anuncia que, como consecuencia dos resultados das distintas votacións, a composición da Mesa do Parlamento de Galicia é a seguinte: presidente, don Miguel Ángel Santalices Vieira; vicepresidente primeiro, don Diego Calvo Pouso; vicepresidenta segunda, dona Eva Solla Fernández; secretaria, dona Raquel Arias Rodríguez; e vicesecretaria, dona Concepción Burgo López. (Páx. 10.)

Constitución da Mesa do Parlamento

O señor presidente da Mesa de Idade rógalles ás señoras e aos señores deputados elixidos como membros da Mesa que pasen a ocupar os seus postos nos correspondentes escanos da Cámara. (Páx. 10.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia

En cumprimento do artigo 5 do Regulamento do Parlamento, o señor presidente, don Miguel Ángel Santalices Vieira, fai o xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. A seguir tamén os restantes membros da Mesa fan o seu xuramento ou promesa. (Páx. 10.) E, por último, a señora secretaria, Arias Rodríguez, procede ao chamamento para que o fagan os demais deputados e deputadas. (Páx. 10.)

O señor presidente, Santalices Vieira, pronuncia unhas palabras de agradecemento e declara constituída a X lexislatura do Parlamento de Galicia. (Páx. 15.)

As señoras e os señores deputados, así como os invitados á sesión, postos en pé, cantan o himno galego. (Páx. 16.)

Remata a sesión ás doce e trinta minutos do mediodía.

O señor LETRADO OFICIAL MAIOR (Sarmiento Méndez): Bos días.

Señorías, prégolles que ocupen os seus escanos.

Constitución da Mesa de Idade

O señor LETRADO OFICIAL MAIOR (Sarmiento Méndez): Verificadas as declaracións presentadas por cada un dos deputados e deputadas proclamados electos, a composición da Mesa de Idade resulta ser: don Carlos Enrique López Crespo, dona Olalla Rodil Fernández e dona Paula Quinteiro Araújo. Rógolles que comparezan na mesa co fin de constituír a Mesa de Idade.

(O señor López Crespo e as señoras Rodil Fernández e Quinteiro Araújo pasan a ocupar os seus postos nos escanos correspondentes á Mesa do Parlamento.)

Ábrese a sesión ás once e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): Bos días a todos

Ábrese a sesión.

Prégolle á señora secretaria, dona Paula Quinteiro Araújo, que dea lectura ao decreto de convocatoria de eleccións e á relación de deputadas e deputados electos, así como á comunicación sobre recursos contencioso-electorais interpostos, se é o caso.

A señora SECRETARIA DA MESA DE IDADE (Quinteiro Araújo): Decreto 92/2016, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións:

<<Disposicións xerais

Presidencia da Xunta de Galicia. Decreto 92/2016, do 1 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

De acordo co previsto na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e na Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 1 de agosto de 2016,

DISPOÑO:

Artigo 1

Queda disolto o Parlamento de Galicia elixido o día 21 de outubro de 2012.

Artigo 2

Convócanse eleccións ao Parlamento de Galicia, que terán lugar o 25 de setembro de 2016.

Artigo 3

En aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, o número de deputados correspondente a cada circunscrición é o seguinte:

A Coruña: vinte e cinco.

Lugo: catorce.

Ourense: catorce.

Pontevedra: vinte e dous.

Artigo 4

A campaña electoral durará quince días; comezará ás cero horas do venres, día 9 de setembro de 2016, e finalizará ás vinte e catro horas do venres, día 23 de setembro de 2016.

Artigo 5

Celebradas as eleccións convocadas por este decreto, a Cámara resultante reunirse para a súa sesión constitutiva o día 21 de outubro de 2016 ás once horas.

Artigo 6

As eleccións convocadas por este decreto rexeranse pola Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral, así como pola Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e pola normativa de desenvolvemento.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de agosto de 2016.

Alberto Núñez Feijóo, presidente.»»

Relación de deputadas e deputados proclamados electos. Acordo da Xunta Electoral de Galicia do día 10 de outubro de 2016 (DOG 194, do 11 de outubro de 2016):

Provincia da Coruña

Polo Partido Popular: Diego Calvo Pouso, Beatriz Mato Otero, María Ángeles Vázquez Mejuto, José Manuel Rey Varela, Pedro Puy Fraga, Miguel Ángel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Rosa María Quintana Carballo, Ethel María Vázquez Mourelle, Álvaro Pérez López, Carlos Enrique López Crespo, Martín Fernández Prado, Aurelio Alfonso Núñez Centeno.

Por En Marea: Antón Sánchez García, Luca Chao Pérez, José Manuel Lago Peñas, Magdalena Barahona Martín, Francisco Casal Vidal.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: Xoaquín María Fernández Leiceaga, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Manuel Díaz Villoslada, María Dolores Toja Suárez, José Manuel Pérez Seco.

Polo BNG-Nós Candidatura Galega: Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz.

Provincia de Lugo

Polo Partido Popular: Francisco José Conde López, María Encarnación Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, María Susana López Abella, Jaime Castiñeira Broz.

Por En Marea: Luis Villares Naveira, Paula Vázquez Verao.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: Luis Manuel Álvarez Martínez, María de la Concepción Burgo López, José Antonio Quiroga Díaz.

Polo BNG-Nós Candidatura Galega: Olalla Rodil Fernández.

Provincia de Ourense

Polo Partido Popular: María Sol Díaz Mouteira, Miguel Ángel Santalices Vieira, José González Vázquez, Antonio Rodríguez Miranda, Cristina Isabel Romero Fernández, Marta Nóvoa Iglesias, César Manuel Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez.

Por En Marea: María de los Ángeles Cuña Bóveda, David Rodríguez Estévez.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández.

Polo BNG-Nós Candidatura Galega: Noa Presas Bergantiños.

Provincia de Pontevedra

Polo Partido Popular: Alberto Núñez Feijóo, Alfonso Rueda Valenzuela, Teresa Egerique Mosquera, Jesús Vázquez Almuíña, María Guadalupe Murillo Solís, Román Rodríguez González, Valeriano Martínez García, José Manuel Cores Tourís, María Nava Castro Domínguez, Marta Rodríguez Arias, Ignacio Javier López-Chaves Castro.

Por En Marea: Carmen Santos Queiruga, Marcos Cal Ogando, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araújo.

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, María Luisa Pierres López.

Polo BNG-Nós Candidatura Galega: Xosé Luís Bará Torres, María Montserrat Prado Cores.

Infórmase, ao abeiro da lexislación electoral vixente, que ata o día de hoxe non consta a presentación de recursos constencioso-electorais.

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): Señoras e señores deputados, imos proceder agora ás votacións separadas para presidente ou presidenta, vicepresidentes ou vicepresidentas e secretario ou secretaria.

Elección da Mesa do Parlamento

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): A elección efectuarase conforme o previsto no artigo 91 do Regulamento, é dicir, mediante papeletas, tras o chamamento nominal das deputadas e dos deputados pola secretaria da Mesa de Idade.

Os servizos da Cámara procederán con anterioridade –farano agora– á repartición das papeletas de diferente cor para cada cargo: as de cor branca serán para a elección do presidente, as de cor verde, para as vicepresidencias e as de cor amarela, para a secretaria e vicesecretaría.

A expresión de voto efectuarase consignando no recadro correspondente de cada papeleta un só nome. Considerarase voto en branco aquela na que non figure ningún nome. Considerarase voto nulo toda papeleta que conteña máis dun nome, algún risco ou sinal.

Procederase á elección do presidente ou presidenta cando estean as papeletas repartidas.

Están todas repartidas. Procedemos á elección do presidente.

Elección de presidenta ou presidente

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): Prégolle á señora secretaria que efectúe o chamamento correspondente para que as deputadas e os deputados depositen na urna as papeletas de cor branca. Lémbrolles que non deben escribir máis dun nome, e que resultará elixido ou elixida o deputado ou a deputada que obteña o voto da maioría absoluta dos membros da Cámara.

Comeza a votación.

(A señora secretaria da Mesa de Idade, Quinteiro Araújo, procede a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): Procederase ao escrutinio por parte dos membros da Mesa.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): O resultado da votación é o seguinte: don Miguel Ángel Santalices Vieira, 41 votos; en branco, 34 votos.

Don Miguel Ángel Santalices obtivo a maioría absoluta, por conseguinte proclámase presidente do Parlamento a don Miguel Ángel Santalices Vieira. *(Aplausos.)*

Elección de vicepresidentas ou vicepresidentes

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): Procedemos agora á elección simultánea de vicepresidentes primeiro e segundo, segundo dispón o artigo 36.2 do Regulamento.

Pregámoslle á señora secretaria que efectúe o chamamento correspondente para que as deputadas e deputados depositen na urna as papeletas de cor verde. Lembrámoslles que non se debe escribir máis dun nome e que resultarán elixidos ou elixidas os deputados e deputadas que acaden maior número de votos. Aquí o que teña o maior número de votos será vicepresidente primeiro, o que teña o seguinte será vicepresidente segundo.

Comeza a votación.

(A señora secretaria da Mesa de Idade, Quinteiro Araújo, procede a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): Procederase ao escrutinio por parte dos membros da Mesa.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): O resultado da votación é o seguinte: Diego Calvo Pouso, 41 votos; Eva Solla Fernández, 28 votos; en branco, 6 votos.

Por conseguinte, proclámase vicepresidente primeiro a don Diego Calvo Pouso e vicepresidenta segunda a dona Eva Solla Fernández. *(Aplausos.)*

Elección de secretaria e vicesecretaria

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): Imos agora proceder á elección de secretario ou secretaria e vicesecretario ou vicesecretaria. Procedemos á elección simultánea do secretario ou da secretaria e do vicesecretario ou da vicesecretaria, segundo dispón o artigo 36.2 do Regulamento.

Prégolle á señora secretaria que efectúe o chamamento correspondente para que as deputadas e deputados depositen na urna as papeletas de cor amarela.

Lémbrolles que non se debe consignar máis dun nome e que resultarán elixidos ou elixidas os dous nomes que acaden o maior número de votos.

Comeza a votación.

(A señora secretaria, Quinteiro Araújo, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): Procederáse ao escrutinio por parte dos membros da Mesa.

(Procédese ao escrutinio.) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE DA MESA DE IDADE (López Crespo): O resultado da votación é o seguinte: dona Raquel Arias Rodríguez, 41 votos; dona Concepción Burgo López, 28 votos; en branco, 6 votos.

Por conseguinte, proclámase secretaria a dona Raquel Arias Rodríguez e vicesecretaria a dona Concepción Burgo López.

(Aplausos.)

Como consecuencia da elección anterior, a Mesa do Parlamento queda constituída do seguinte xeito: presidente, don Miguel Ángel Santalices Vieira; vicepresidente primeiro, don Diego Calvo Pouso; vicepresidenta segunda, dona Eva Solla Fernández; secretaria, dona Raquel Arias Rodríguez; e vicesecretaria, dona Concepción Burgo López.

Prégolles aos señores deputados e deputadas electos que tomen posesión do seu cargo e da súa cadeira.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

(Os membros da Mesa do Parlamento ocupan os seus postos.)

Promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución española e ao Estatuto de autonomía de Galicia

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Bo día a todos e a todas.

Señorías, dando cumprimento ao previsto no artigo 5 do Regulamento da Cámara, procederemos a prestar o xuramento ou a promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.

En primeiro lugar, farao esta Presidencia, e deseguido solicitareilles o cumprimento do dito artigo aos membros da Mesa e aos restantes membros da Cámara.

Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta que fará esta Presidencia.

Señoras deputadas e señores deputados, ante o pobo de Galicia, representado aquí polo seu Parlamento, xuro acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia.

Señor vicepresidente primeiro, don Diego Calvo Pouso, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO (Calvo Pouso): Si, xuro.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas.

Señora vicepresidenta segunda, dona Eva Solla Fernández, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Solla Fernández): Con base nos meus principios feministas, republicanos, revolucionarios e democráticos, prometo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas pola promesa. *(Murmurios.) (Aplausos.)*

A señora VICEPRESIDENTA SEGUNDA (Solla Fernández): De nada.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora secretaria da Mesa, dona Raquel Arias Rodríguez, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): Si, prometo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas.

Señora vicesecretaria, dona Concepción Burgo López, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora VICESECRETARIA (Burgo López): Si, prometo.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Moitas grazas.

Deseguido, a secretaria fará o chamamento dos señores deputados e señoras deputadas para que, dende o propio escano, contesten a pregunta que lles formulará a Presidencia. A pregunta é: señoras deputadas, señores deputados, ¿xuran ou prometen acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

Cando queira, señora secretaria, pode proceder ao chamamento dos deputados.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez):

Álvarez Martínez, Luis Manuel: Si, prometo.

Amigo Díaz, María Encarnación: Si, xuro.

Balseiro Orol, José Manuel: Si, prometo.

Bará Torres, Xosé Luís: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e dos galegos e a súa liberdade; e, por imperativo legal, prometo acatar o Estatuto e a Constitución.

Barahona Martín, Magdalena: Si, prometo traballar ao servizo do pobo, prometo non olvidar quen somos e de que lado estamos; porque foron, somos, porque somos, serán.

Blanco Paradelo, Moisés: Si, xuro.

Blanco Rodríguez, Noela: Si, prometo.

Cal Ogando, Marcos: Si, prometo. E prometo traballar polas que están e polas que faltan. Nunca máis un país sen a súa xente. O pobo é quen máis ordena.

Casal Vidal, Francisco: Si, prometo.

Castiñeira Broz, Jaime: Si, prometo.

Castro Domínguez, María Nava: Si, xuro.

Chao Pérez, Luca: Para traballar sempre por un país con nosoutras, un país que non deixe ninguén atrás, si, prometo.

Conde López, Francisco José: Si, xuro.

Cores Tourís, José Manuel: Si, prometo.

Cuña Bóveda, María de los Ángeles: Si, prometo, pola dignidade e pola igualdade; por que todos e todas participen na vida política, económica, social e cultural; polo dereito a vivir e traballar neste país; e por todos os que amaron e aman fervorosamente a nosa terra.

Díaz Mouteira, María Sol: Si, xuro.

Díaz Villoslada, Juan Manuel: Si, prometo.

Egerique Mosquera, Teresa: Si, xuro.

Fernández Fernández, Raúl: Si, prometo.

Fernández Gil, César Manuel: Si, prometo.

Fernández Leiceaga, Xoaquín María: Si, prometo.

Fernández Prado, Martín: Si, prometo.

González Vázquez, José: Si, xuro.

Lago Peñas, José Manuel: Si, prometo.

López Abella, María Susana: Si, xuro.

López Crespo, Carlos Enrique: Si, prometo.

López-Chaves Castro, Ignacio Javier: Si, xuro.

Losada Álvarez, Abel Fermín: Si, prometo.

Martínez García, Valeriano: Si, prometo.

Mato Otero, Beatriz: Si, xuro.

Merlo Lorenzo, Juan José: Si, prometo.

Murillo Solís, María Guadalupe: Si, xuro.

Nóvoa Iglesias, Marta: Si, prometo.

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso: Si, xuro.

Núñez Feijóo, Alberto: Si, prometo.

Pérez López, Álvaro: Si, xuro.

Pérez Seco, José Manuel: Si, prometo.

Pierres López, María Luisa: Si, prometo.

Pontón Mondelo, Ana Belén: Comprométome a ser fiel a Galiza, a defender os dereitos nacionais e sociais dos galegos e das galegas, así como a súa liberdade; e, por imperativo legal, si, prometo.

Prado Cores, María Montserrat: Comprométome a ser fiel a Galiza, a defender os intereses nacionais e sociais dos galegos e das galegas, así como a súa liberdade; e, por imperativo legal, si, prometo.

Prado del Río, Paula: Si, xuro.

Presas Bergantiños, Noa: Comprométome a ser fiel a Galiza, a defender os dereitos sociais e nacionais das galegas e dos galegos; e, por imperativo legal, si, prometo.

Puy Fraga, Pedro: Si, prometo.

Quintana Carballo, Rosa María: Si, xuro.

Quinteiro Araújo, Paula: Si, prometo, para traballar na defensa dos dereitos das clases populares galegas e a prol da súa emancipación social e nacional.

Quiroga Díaz, José Antonio: Si, prometo.

Rey Varela, José Manuel: Si, xuro.

Rivas Cruz, José Luis: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais dos galegos e das galegas, e, como non, a súa liberdade; e, por imperativo legal, si, prometo.

Rodil Fernández, Olalla: Comprométome a ser fiel a Galiza e a defender os dereitos nacionais e sociais das galegas e a súa liberdade; e, por imperativo legal, prometo o Estatuto e a Constitución española.

Rodríguez Arias, Marta: Si, prometo.

Rodríguez Estévez, David: Prometo –e fago miñas as verbas de Beiras– pola memoria de Castelao defender as liberdades e igualdade do pobo galego.

Rodríguez González, Román: Si, xuro.

Rodríguez Miranda, Antonio: Si, xuro.

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña: Si, prometo.

Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María: Si, xuro.

Romero Fernández, Cristina Isabel: Si, xuro.

Rueda Valenzuela, Alfonso: Si, xuro.

Sánchez García, Antón: Por imperativo legal, si, prometo.

Santos Queiruga, Carmen: Prometo traballar para devolverlle a Galicia o poder sobre si mesma, para que nunca máis sexa xestionada de costas á xente e para construír unha Galicia xusta para todas.

Tellado Filgueira, Miguel Ángel: Si, xuro.

Toja Suárez, María Dolores: Si, prometo.

Torrado Quintela, Julio: Si, prometo.

Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís: Si, prometo.

Vázquez Almuíña, Jesús: Si, xuro.

Vázquez Domínguez, Sandra: Si, prometo.

Vázquez Mejuto, María Ángeles: Si, xuro.

Vázquez Mourelle, Ethel María: Si, xuro.

Vilán Lorenzo, Patricia: Si, prometo.

Villares Naveira, Luis: Si, prometo defender cunha marea de alegría e ilusión a liberdade, a dignidade e a felicidade da sociedade galega. Para esta alta función, comprometo a miña palabra e, se necesario fose, a miña vida.

Vázquez Verao, Paula: Si, prometo, e proclamo a liberdade para o meu pobo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora secretaria.

Grazas tamén a todos os deputados e deputadas polo seu xuramento ou pola súa promesa. (*Murmurios.*)

Vanme permitir... (*Murmurios.*)

Poden sentarse.

Vanme permitir, dun xeito moi breve, á espera do inicio solemne da lexislatura, unhas breves palabras.

Quero, en primeiro lugar, agradecer a presenza das autoridades que hoxe nos acompañan neste acto de constitución do Parlamento. E permítanme que faga unha especial referencia aos ex-presidentes do Parlamento, medalla deste Parlamento todos eles. Polo tanto, agrázolles moito que estean hoxe nesta sesión constitutiva.

Quero agradecerlle tamén ao meu grupo que depositase a confianza en min para presidir este Parlamento. Dáme hoxe tamén a oportunidade de zanzar unha vella polémica que se suscitou a raíz do meu primeiro nomeamento como presidente do Parlamento. Eu dixen naquel momento que o meu pai lamentaba moito que eu me metese en política, que me dedicase á política, porque así arruinaba un brillante porvir como xestor. Pero sei que hoxe meu pai estaría contento de que eu sexa o presidente do Parlamento. Polo tanto, quero desde aquí ter tamén un recordo para el.

Como quero recordar hoxe os meus compañeiros da Mesa: a Marta Rodríguez Arias, tamén quero ter un recordo para Marisol Soneira –que desculpou a súa inasistencia porque está nunha viaxe–, e tamén, por suposto, para José Manuel Balseiro Orol, compañeiro da Mesa ao que eu lle agradezo o traballo que desenrolamos nesta lexislatura.

Quero agradecer tamén o traballo de todos os funcionarios e traballadores deste Parlamento. Son uns magníficos funcionarios. Levo vinte anos aquí e coñézoos perfectamente. E espero que agora me axuden, porque sei que a tarefa que teño e que temos os membros da Mesa non é unha tarefa doada; polo tanto, pido a súa colaboración.

Tamén quero agradecer o traballo dos medios de comunicación, todo o que sexa difundir sobre o Parlamento é positivo para nós. Polo tanto, eu agradezo especialmente aos medios de comunicación o seu traballo.

E tamén quixera recordar que a pasada lexislatura foi unha lexislatura na que demos pasos importantes neste Parlamento. Foi a lexislatura na que iniciamos un camiño no que agora temos que profundar, como é o da participación cidadá. Aí debemos seguir profundando. Foi tamén a lexislatura na que destacamos por ser o parlamento máis produtivo de España, o máis eficiente, o parlamento con máis capacidade lexislativa ao menor custo. E isto é de agradecer a todos os deputados e a todas as deputadas da IX lexislatura.

Iniciamos hoxe a X lexislatura, e eu, para esta lexislatura, pido que sigamos profundando no que ben fixemos e que sexa tamén a lexislatura do respecto institucional. Ese ha de ser o meu traballo e por iso velarei, para que os deputados traballen agradablemente nesta Cámara e que cumpran a súa función como ha de ser. Este é o meu cometido e o cometido que tamén lles pido aos membros da Mesa. Eu sei que esta vai ser unha tarefa importante e pido a súa colaboración. Polo tanto, señorías, teñen a porta do meu despacho aberta para todo o que necesiten.

E, polo tanto –e xa finalizo–, en cumprimento do artigo 5 do Regulamento, declaro constituído o Parlamento de Galicia na súa X lexislatura.

Moitas grazas a todos.

Escoitamos o himno.


(As señoras deputadas e os señores deputados, así como o público asistente á sesión, postos en pé, cantan o himno galego.) (Aplausos.)

Levántase a sesión.

Remata a sesión ás doce e trinta minutos do mediodía.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez López, Álvaro	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Burgo López, María de la Concepción	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Cal Ogando, Marcos	(EM)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Casal Vidal, Francisco	(EM)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castro Domínguez, María Nava	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Cores Tourís, José Manuel	(P)	55. Rodríguez González, Román	(P)
18. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	56. Rodríguez Miranda, Antonio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Fernández, Raúl	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Gil, César Manuel	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Fernández Prado, Martín	(P)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. López Abella, María Susana	(P)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(P)	68. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
31. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	69. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
32. Martínez García, Valeriano	(P)	70. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
33. Mato Otero, Beatriz	(P)	71. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
34. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	72. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Verao, Paula	(EM)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25